

CALENDARIO TRABALLO FIN DE GRAO CURSO 2025/2026

(Aprobado pola Comisión de Docencia o 18 de setembro de 2025)

Indicacións

O alumnado que se matricule no Traballo de Fin de Grao (TFG) e pretenda entregalo e defendelo debe ter en conta as seguintes premisas:

- Para poder defender o TFG a/o alumna/o debe ter superados todos os créditos do plano de estudos do *Grao en Dereito* –con excepción obviamente dos créditos correspondentes ao TFG- tal e como se dispón no Anexo I do Regulamento do Traballo de Grao en Dereito.
- A convocatoria do TFG é única e a/o alumna/o dispón de dúas oportunidades para superar a materia.

De xeito ordinario

- Existe unha primeira oportunidade en cada cuadrimestre, cuxas datas de entrega/solicitud de defensa e da propia defensa serán publicadas debidamente.

De xeito extraordinario

- Existe unha segunda oportunidade no mes de xullo.

No caso de non superar a materia nesta oportunidade, poderá facelo na convocatoria adiantada do curso seguinte, no caso de cumprir os requisitos.

Calendario

Datas de solicitude de defensa/depósito do TFG

De xeito ordinario

1ª Oportunidade/1º Cuadrimestre. O prazo para depositar-entregar o traballo e solicitar a defensa do TFG vai do 12 ao 13 de febreiro de 2026 ata as 23.59h. No mesmo prazo deberá solicitar a defensa do TFG na Secretaría Virtual do estudante.

1ª Oportunidade/2º Cuadrimestre. O prazo para depositar-entregar o traballo e solicitar a defensa do TFG comprende os días 15 ao 16 de xuño de 2026 ata as 23.59 h. No mesmo prazo deberá solicitar a defensa do TFG na Secretaría Virtual do estudante.

2ª Oportunidade para aquelas/es alumnas/os que non superaron a materia na 1ª oportunidade do 1º ou 2º cuadrimestre. O prazo para a depositar-entregar o traballo e solicitar a defensa do TFG comprende os días 13 e 14 de xullo de 2026 ata as 23.59 h. No mesmo prazo deberá solicitar a defensa do TFG na Secretaría Virtual do estudante.

De xeito extraordinario



Oportunidade extraordinaria de xullo para aquelas/es alumnas/os que non puideron defender na 1ª oportunidade ordinaria por non cumprir co requisito de ter superadas as restantes materias do Grao en Dereito. O prazo para a depositar-entregar o traballo e solicitar a defensa do TFG comprende os días 13 e 14 de xullo de 2026 ata as 23.59 h. No mesmo prazo deberá solicitar a defensa do TFG na Secretaría Virtual do estudante.

Información adicional sobre a entrega e solicitude de defensa

Conforme o artigo 6.1 do Regulamento do Traballo Fin de Grao de Dereito, o depósito farase en versión dixital ou en papel, segundo decida a Comisión de Docencia. O modo de depósito será debidamente publicado no Moodle.

Datas de defensa do TFG

De xeito ordinario

1ª Oportunidade do 1ª cuatrimestre. O prazo para a defensa do TFG vai do 19 ao 20 de febreiro de 2026.

1ª Oportunidade do 2º cuatrimestre. O prazo para a defensa do TFG será do 25 ao 26 de xuño de 2026.

2ª Oportunidade. O prazo para a defensa do TFG comprende os días 29, 30 e 31 de xullo de 2026.

De xeito extraordinario

1ª Oportunidade. O prazo para a defensa do TFG comprende os días 29, 30 e 31 de xullo de 2026.

En todos os casos, as datas e as horas exactas da defensa fixaranse polo Tribunal nos días previos e seranlle debidamente comunicadas ao alumnado a través da páxina web da Facultade e/ou da plataforma Moodle.

As/os alumnas/os deben estar dispoñibles todos os días de defensa na oportunidade que lles corresponda.

Táboa resumo de datas

PRIMEIRA OPORTUNIDADE	DEPÓSITO	1.º Cuadrimestre	12 e 13 de febreiro
		2.º Cuadrimestre	15 e 16 de xuño
	DEFENSA	1.º Cuadrimestre	19 e 20 de febreiro
		2.º Cuadrimestre	25 e 26 de xuño
			29, 30 e 31 de xullo

* Unicamente poderán defender o seu TFG en 1ª oportunidade os días 26 e 27 de xuño aquelas/es alumnas/os que, malia teren entregado o seu TFG nos prazos previstos, non puidesen realizar a súa defensa antes por non ter superados todos os créditos do plano de estudos.

SEGUNDA OPORTUNIDADE	DEPÓSITO	13 e 14 de xullo*
	DEFENSA	29, 30 e 31 de xullo